



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na inauguración da exposición *51 páxinas das nosas letras*

Parlamento de Galicia, 2 de decembro de 2013 //19.30 h

Presidente da Xunta de Galicia
Presidente da Real Academia Galega
Delegado do Goberno en Galicia
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Membros da Mesa do Parlamento e portavoces dos grupos parlamentarios
Deputados e deputadas do Parlamento de Galicia
Señoras e señores:

Quero comezar dando as grazas a todos vostedes por nos arroupar e por honrar coa súa presenza a primeira institución de Galicia, que é, convén recordalo, a casa de todos os galegos e galegas e, polo tanto, tamén a casa da nosa lingua.

Precisamente esa vocación de apertura ao conxunto da sociedade é a que anima a Cámara a impulsar iniciativas como a exposición *51 páxinas das nosas letras*, concibida a partir doutras tantas Medallas das Letras Galegas, medallas que son o resultado da excelente colaboración do caricaturista Siro López e do escultor Manuel Ferreiro Badía, elaboradas por encargo do Parlamento de Galicia para honrar a cada un dos escritores e escritoras que teñen sido homenaxeados ao longo deste medio século de historia pola Real Academia Galega.

A idea de impulsar esta mostra xurdiu nunha conversa cos artistas, aos que aproveito para recoñecer de novo o seu talento e o seu traballo, así como agradecer a súa presenza hoxe. E madurou definitivamente na primeira visita institucional do actual presidente da Real Academia Galega, o profesor Alonso Montero, ao Parlamento. Falamos sobre a conveniencia



de impulsar algunha iniciativa conxunta que permitise poñer en valor a nosa lingua, e a nosa cultura, coincidindo coa conmemoración do 50 aniversario da celebración do Día das Letras Galegas.

Dado que a Cámara posúe esta colección de Medallas das Letras Galegas, que ano tras ano se vai enriquecendo coa incorporación dunha nova peza, a correspondente á figura elixida en cada exercicio pola Real Academia Galega para renderlle homenaxe o 17 de maio, consideramos que podería resultar de interese, especialmente para achegar aos máis novos o universo literario de Galicia.

Como terán oportunidade de comprobar, as medallas amósanse acompañadas dunha breve biografía dos 51 homenaxeados ata o momento, perfil elaborado por diferentes académicos da RAG.

A mostra inclúe tamén un vídeo divulgativo, feito por encargo da Xunta de Galicia –que se sumou a colaborar tamén nesta mostra-, co obxectivo de contribuír a facer máis amena a aproximación dos visitantes á historia da celebración do Día das Letras Galegas. Nel recóllese o relato sobre a orixe desta celebración, na voz do seu propio impulsor, don Francisco Fernández del Riego, relato que ten, ao meu modo de ver, un valor excepcional.

Quixera salientar que iniciativas conxuntas coma esta –na que Real Academia, Xunta e Parlamento imos da man- marcan unha interesante ruta de futuro e constitúen un bo exemplo para seguir traballando.

Exemplo de entendemento, de concordia na procura dun obxectivo común, que non é outro máis que o engrandecemento das nosas letras e de Galicia no seu conxunto.



Pero con ser importante que a exposición se amose no Parlamento de Galicia –institución que cada ano recibe arredor de 15.000 visitantes, no marco do programa de visitas guiadas-, quero destacar que foi concibida cun formato versátil e coa idea de facela itinerante.

Versátil porque pode adaptarse a calquera espazo expositivo no que se demande a súa presenza –sexa un centro educativo, unha casa da cultura, un concello, unha sala de exposicións, ...- e itinerante, porque o seu formato o permite, e porque desde o Parlamento faremos canto estea ao noso alcance para trasladala alí onde sexa requirida.

Aproveito esta ocasión para convidar a centros escolares, concellos e calquera outra entidade interesada en albergar esta exposición a solicitala desde xa, porque é a nosa intención que poida chegar ao maior número posible de galegos e galegas e a distintos lugares da nosa xeografía, dándolles a posibilidade de coñecer un pouco máis as figuras máis importantes da literatura galega.

Porque afondar no coñecemento da lingua e da literatura de Galicia a través dos persoeiros claves das nosas letras é o obxectivo desta mostra. Para o Parlamento de Galicia é unha honra albergala e patrocinala.

A todos os que colaboraron na súa organización -a Xunta de Galicia e a Real Academia Galega- o noso agradecemento sincero.

Moitas grazas.